



# XXVI Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

# 2022



Cos obxectivos de honrar a memoria de Vicente Risco, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a Lusofonía, a Fundación Vicente Risco (Allariz); os Concellos de Allariz, Castro Caldelas e Melide; a Deputación de Ourense; a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) (Vila Real - Portugal), representada pola Escola de Ciências Humanas e Sociais (ECHS); as Universidades da Coruña (UDC), Santiago (USC) e Vigo (UVIGO) presentan as bases do XXVI premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, cun valor, antes de impostos, de 6.000,00 euros e de acordo ás seguintes cláusulas:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.** Poderá participar no premio calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, que presente os seus textos en lingua galega ou en lingua portuguesa. Os textos presentados deben ser inéditos, totalmente orixinais, non estar publicados nin traducidos en ningún outro formato e teñen que abordar **investigacións referentes a Galiza e/ou ao Norte de Portugal**, sempre do punto de vista das ciencias sociais (antropoloxía, arqueoloxía, socioloxía, historia, lingüística, xeografía, economía, turismo...). Os traballos de investigación deben ter unha extensión mínima de 150 páxinas e unha extensión máxima de 300 páxinas, tamaño DIN-A 4 e escritos a espazo dobre en letra **Arial 12**. Serán especialmente valorizados os textos que se adecúen aos usos habituais do ensaio. A data límite para a recepción de traballos será o 15 de marzo de 2022.

**SEGUNDA.** Os textos deberán ser entregados en soporte dixital (pdf) e remitidos a [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com). O texto do traballo científico será presentado contendo unicamente un título na súa capa e sen identificación da autoría, para a súa avaliación anónima polo xurado. Noutro documento, entregado tamén en soporte dixital (pdf) e remitido a [secretaria@fundacionvicenterisco.com](mailto:secretaria@fundacionvicenterisco.com), será incluída a seguinte información: título do traballo, nome completo da autoría, Cartão de Cidadão (CC), pasaporte ou DNI, domicilio, teléfono e correo electrónico. Os candidatos recibirán unha confirmación oficial da recepción do seu traballo.

**TERCEIRA.** O xurado do premio estará formado por nove membros, ligados ao campo da cultura e das ciencias sociais, que serán nomeados polas institucións organizadoras do premio. A secretaria do premio recaerá nun deses nove representantes ou ben noutra persoa que designe a organización. Neste caso a secretaria non terá voz nin voto. O premio para o mellor traballo de investigación presentado será concedido por maioría de votos.

**CUARTA.** O nome das persoas que integrarán o xurado será divulgado antes de rematar a primeira quincena do mes de xuño de 2022.

**QUINTA.** A decisión do xurado, inapelábel, será divulgada antes do fin de xuño de 2022 e será divulgada nas redes sociais da FVR (Facebook, Twitter e Instagram).

**SEXTA.** O premio, indivisíbel, poderá ser declarado deserto, no caso de que o xurado así o considerar en decisión que será inapelábel.

**SÉTIMA.** A cuantía económica atribuída ao premio é considerada en calidade de pagamento dos dereitos de autoría, quen cede estes aos organizadores, sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os dereitos de edición da obra poderán ser realizados en calquera lingua, coa posibilidade de cesión de dereitos a terceiros. O beneficiario do premio recibirá gratuitamente vinte e cinco exemplares da obra publicada en soporte papel. A persoa premiada tamén autoriza que, transcorrido un ano desde a presentación do premio, a publicación estea accesíbel en descarga gratuita e aberta desde a plataforma dixital que para tal efecto habilitarán os organizadores do premio en <http://www.fundacionvicenterisco.com/>

**OITAVA.** O xurado poderá propoñer até un máximo de dous traballos adicionais para a súa publicación, no caso de recoñecido mérito e aceptación polas autoras. A publicación non implica remuneración económica e as autoras terán que ceder os dereitos de autoría para a primeira edición da obra. A organización non estará obrigada a publicar estes traballos.

**NONA.** Os orixinais non premiados serán eliminados. A participación neste premio significa a aceptación das actuais cláusulas, así como das decisións do xurado.